

Ameite tanto que doía
Barallabas as cartas do mundo no colo do abismo
Como se aquel anhelado de felicidade puidera chegar a ser verdade
Dicías mentiras agochadas na amabilidade
Entón como puiden quererte?
Facías pinchacarneiros coas miñas emocións
Gaiolas de ouro que semellaban chairas abertas
Habilidades agochadas que che permitían xogar conmigo
Indecentes comportamentos que eu xustificaba como superficiais
Lía textos de libros prohibidos que intentaban mostrar a realidade que non quería ver
Mirábasme coa carraxe incesante nos ollos
Non me querías xa
Os días que pasaba contigo deixaban un sabor amargo nos meus beizos
Palpitaba a mágoa que percorría as miñas veas
Que pasaría polo teu fatídico pensamento?
Rosmabas na inmensidade da miña dor para poder abrir máis a ferida
Souben redimir das miñas cinzas
Teño aínda a forza de levantarme
Ubícome por fin no lugar correcto
Vexo calma despois da tormenta
Xa non teño medo
Zafeime por fin das cadeas que me impoñía a túa presenza